



OFICIO INFORMATIVO

Asunto: modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pasado día 29/01/2021 publicouse no DOG a Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que, no seu artigo 29, modifica o artigo 2.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

“Artigo 29. Modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, queda modificada como segue:

Modifícase a letra a) do número 2 do artigo 2, que queda redactada como segue:

2. Non teñen o carácter de subvencións:

- a) *As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas **e municipais** de natureza similar a estas ou de carácter asistencial”.*

Esta modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, foi promovida pola Consellería de Política Social, coa finalidade de establecer expresamente, nunha norma con rango de lei, que as axudas económicas municipais de carácter asistencial, como é o caso das **axudas municipais de emerxencia social**, destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade, **non** teñen carácter de **subvencións**, precisamente en razón da súa natureza de **prestacións asistenciais** destinadas a persoas físicas.

Polo tanto, a partir do 30/01/2021, data de entrada en vigor da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, os concellos quedan expresamente habilitados, por ministerio da lei, para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial (axudas municipais de emerxencia social) sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións, de maneira similar a como xa se veñen xestionando desde hai anos as axudas de inclusión social (AIS) por parte da administración autonómica.

Efectivamente, ao respecto das AIS autonómicas, cuxa natureza xurídica é practicamente idéntica á das axudas municipais de emerxencia social, o artigo 47.6 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, xa prevía que “*para os efectos do previsto no artigo 2.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e dado o seu carácter de prestación social, as axudas de inclusión social non teñen carácter de subvención”.*

Ata agora, con carácter xeral, os concellos de Galicia viñan seguindo o criterio de aplicarlles a normativa xeral das subvencións ás axudas municipais de emerxencia social, a pesar da clara natureza asistencial destas axudas, na súa condición de prestacións económicas para a cobertura de necesidades básicas da poboación máis vulnerable, que teñen como beneficiarias a persoas





físicas. O dito criterio implicaba que se lles estaba a esixir ás persoas solicitantes, como requisito necesario para poder acceder ás axudas municipais de emerxencia social, que acreditasen estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coas administracións públicas. Esixirlles este requisito a persoas que se atopan en situación de precariedade e que carecen de recursos económicos para cubrir as súas necesidades básicas (alimentación, aseo, vestimenta, vivenda...), é esixirlle en moitas das ocasións un imposible (por exemplo, autónomos arruinados, con elevadas débedas contraídas coa Seguridade Social), precisamente pola súa situación de carencia material, e estaba a constituír un impedimento para que as ditas prestacións acadasen a súa finalidade asistencial de proporcionarlles un apoio efectivo.

Esta práctica de esixirlle “estar ao corrente” a persoas que carecen absolutamente da posibilidade material de poñerse “ao corrente”, a persoas que mesmo precisan de axuda económica para cubrir as súas necesidades básicas de supervivencia, non fai outra cousa que alimentar a trampa da pobreza e impedir que reciban a axuda que precisan, constituíndo un verdadeiro obstáculo para combater a pobreza e a exclusión social. Esta esixencia conduce ao absurdo na situación das persoas que carecen de ingresos para poder afrontar as súas necesidades primarias e xera múltiples disfuncións de cara poder proporcionarlles unha protección social eficaz.

Neste sentido, cómpre lembrar que os datos comparados do cadro europeo de indicadores sociais¹ amosan que España está á cola dos Estados Membros da Unión Europea no relativo ao “impacto das transferencias sociais (distintas das pensións) na redución da pobreza”, moi por debaixo da media da UE, e que a Comisión Europea, nas súas recomendacións específicas² a España dos últimos anos, ven insistindo reiteradamente na necesidade de que adopte medidas para mellorar a intensidade protectora das transferencias sociais, a fin de “garantir que os servizos sociais (...) sexan capaces de proporcionar un apoio efectivo” e “mellorar o apoio ás familias”.

Precisamente nos momentos que estamos a vivir, tendo en conta as graves consecuencias sociais derivadas da crise provocada pola pandemia da COVID-19, resulta especialmente oportuno facer un esforzo por remover os atrancos que dificultan que as axudas municipais de emerxencia social cumpran a súa finalidade (o propio Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030³ e mais a Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais de España⁴ publicaron documentos

¹ Cadro europeo de indicadores sociais (social scoreboard), elaborado a partir dos datos de Eurostat: <https://composite-indicators.jrc.ec.europa.eu/social-scoreboard/explorer>.

² Recomendacións específicas por país (country specific recommendations-CSR) 2020 - España: <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/?qid=1591720698631&uri=CELEX%3A52020DC0509>.

³ “Documento técnico de recomendacións para responsables políticos e persoal directivo dos servizos sociais de atención primaria ante a crise pola COVID-19”, publicado polo Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030: https://www.mscbs.gob.es/ssi/familiasInfancia/ServiciosSociales/docs/Covid19/Rec_politicos.pdf.

⁴ Catálogo de 10 medidas proposto pola Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais de España: <https://directoressociales.com/10-medidas-en-servicios-sociales-para-paliar-las-consecuencias-del-coronavirus-en-personas-mayores-con-discapacidad-y-colectivos-vulnerables/>.





de recomendacións nos que fan un chamamento á simplificación dos procedementos de xestión das axudas de emerxencia ou de “urxente necesidade” para paliar as consecuencias da crise da COVID-19).

Por todo o exposto, esta modificación normativa ofrécelles aos concellos unha excelente oportunidade para simplificar e axilizar o procedemento de concesión das axudas municipais de emerxencia social, configurándoas prestacións asistenciais que non teñen carácter de subvencións, coa finalidade de evitar o agravamento innecesario da vulnerabilidade social que se produce cando as axudas económicas non chegan con axilidade ás persoas en situación de necesidade, porque, sen dúbida, isto contribuirá a mellorar significativamente a efectividade e a eficiencia na loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia.

Obriga de presentar o Modelo 190

Por último, tamén é oportuno salientar que impulsar unha maior simplicidade, axilidade e flexibilidade na concesión destas axudas, na liña apuntada nos parágrafos anteriores, non vai traer consigo, en ningún caso, unha falta de control sobre elas, sobre todo, logo da publicación no BOE do 30/12/2020 do Real Decreto-Lei 39/2020, do 29 de decembro⁵, cuxo artigo 1 lle dá unha nova redacción do artigo 7.y) da Lei do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (LIRPF), e máis a publicación do BOE 31/12/2020 da Orde HAC/1285/2020, do 29 de decembro, pola que se modifican a Orde HFP/1978/2016, do 28 de decembro, pola que se aproba o modelo 231 de Declaración de información país por país, a Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro, pola que se regulan os procedementos e as condicións xerais para a presentación de determinadas autoliquidacións, declaracións informativas, declaracións censuais, comunicacións e solicitudes de devolución, de natureza tributaria e a Orde EHA/3127/2009, do 10 de novembro, pola que se aproba o modelo 190 para a Declaración do resumo anual de retencións e ingresos a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda⁶, que reforzan a obriga das administracións autonómicas e entidades locais de comunicarlle á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), a información sobre as axudas concedidas para

⁵ Real Decreto-lei 39/2020, do 29 de decembro, de medidas financeiras de apoio social e económico e de cumprimento da execución de sentenzas: <https://www.boe.es/boe/dias/2020/12/30/pdfs/BOE-A-2020-17267.pdf>.

⁶ Orde HAC/1285/2020, do 29 de decembro, pola que se modifican a Orde HFP/1978/2016, do 28 de decembro, pola que se aproba o modelo 231 de Declaración de información país por país, a Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro, pola que se regulan os procedementos e as condicións xerais para a presentación de determinadas autoliquidacións, declaracións informativas, declaracións censuais, comunicacións e solicitudes de devolución, de natureza tributaria e a Orde EHA/3127/2009, do 10 de novembro, pola que se aproba o modelo 190 para a Declaración do resumo anual de retencións e ingresos a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda: <https://www.boe.es/boe/dias/2020/12/31/pdfs/BOE-A-2020-17342.pdf>.





atender a colectivos en risco social, mediante a presentación do modelo 190 (declaración resumen anual de retencións) ante a AEAT, e identificando esta axudas coa clave L e a subclave 22 ("L22 - axudas establecidas por Comunidades Autónomas ou por entidades locais para atender, consonte súa normativa, a colectivos en risco de exclusión social, situacións de emerxencia social, necesidades habitacionais de persoas sen recursos ou necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores ou persoas con discapacidade cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes, que estean exentas en virtude do establecido no primeiro parágrafo da letra y) do artigo 7 da LIRPF").

Indubidablemente, esta obriga legal de todas as administracións públicas de comunicar as ditas axudas sociais á AEAT facilita un instrumento moi fiable de control "a posteriori", mediante a consulta do servizo web interoperable de certificado individual de nivel de renda que ofrece a AEAT, que agora, logo da reforma normativa antedita, xa vai permitir comprobar todas as axudas percibidas por unha persoa, mesmo aínda que estea exenta de presentar a declaración do IRPF. Esta mellora das opcións de control "a posteriori" das axudas percibidas, constitúe outro argumento máis a prol de impulsar a simplicidade, axilidade e flexibilidade dos procedementos de concesión, toda vez que facilita considerablemente a comprobación do seu adecuado destino.

Santiago de Compostela, á data da sinatura dixital.

O subdirector xeral de Servizos Sociais Comunitarios e Xestión Económica

Carlos Santos Guerrero

CONCELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS

